

O RUXIR DAS CHAMAS 1616

Robin Petré, 2025

ESTREA EN NUMAX: 17.10.2025 | V.O.S.E. | 93 min

“O ruxir das chamás” é unha viaxe inmersiva e visualmente impactante ao corazón do sur de Galicia, unha das zonas máis vulnerables de Europa aos incendios forestais, onde os cabalos salvaxes teñen controlada a vexetación, altamente inflamable, desde hai séculos, baixo a atenta mirada dos vaqueiros locais. Durante o verán máis caloroso xamais rexistrado, humanos e animais loitan por sobrevivir mentres os incendios inextinguibles se achegan.

«Logra transmitir á perfección non só o dano que o lume está a causar senón tamén a resiliencia e o esforzo dos habitantes locais»

Diego Lerer, MICROPSIA CINE



Notas da directora

Por Robin Petré

Experiencia

A natureza sempre foi unha fonte crucial de inspiración para min, e a relación entre os seres humanos e a natureza foi o eixo central da maioría dos meus proxectos ata o de agora. Crecín nunha contorna rural en Dinamarca, rodeada de animais, polo que este é un tema profundamente persoal. Desde que teño memoria, sentín unha forte conexión e un gran aprecio polo mundo natural. Con todo, cada vez que regreso ao meu fogar da infancia, inquiétame ver o rápido que foi cambiando a paisaxe. Xa sexa pola construción, a agricultura intensiva ou a extracción de recursos naturais, os humanos estamos a deixar a nosa pegada. Coa extinción masiva e o aumento das temperaturas en todo o mundo, o noso planeta está a cambiar a unha velocidade que apenas podemos comprender. Incluso a transición dos combustibles fósiles á enerxía sostible exerce presión sobre o mundo natural, con bosques enteiros cheos de aeroxeradores e campos repletos de paneis solares. Equilibrar a nosa coexistencia coa natureza é un reto que está cheo de complexas contradicións e intereses enfrontados.

Visión artística

Como en todos os meus proxectos, quero evitar unha sobrecarga de información. O ruxir das chammas busca abrir un espazo matizado para a reflexión profunda. A película non debería ecoar só a nivel intelectual, senón tamén a través da intuición e os sentidos do espectador. Quero que a película sexa unha experiencia visceral: que se poida cheirar o bosque ardendo, sentir a textura da pelame dos cabalos, e o coro único da paisaxe seca. A miña esperanza c'O ruxir das chammas é que o público poida tomar conciencia do que está en xogo cando se mergullen no mundo altamente sensorial da película.

Os incendios

As investigacións demostraron que 2022, o ano en que filmamos a maior parte da película, foi o ano máis caloroso e seco en 1.200 anos en España. Foi incrivelmente difícil presenciar incendios inextinguibles ardendo durante días, algúns mesmo durante semanas, devorando casas e montañas enteiras. É algo inconcibible. Os seres humanos levamos anos interrompendo un delicado sistema natural. Por inconveniencia, estivemos extinguindo incendios máis pequenos que ocorren de maneira natural. Isto permitiu que a maleza se acumule cada vez máis, mentres a nosa atmosfera vira máis inestable e impredecible. Así que agora, cando ocorre un incendio, convértese nun lume xigantesco e explosivo, fóra do noso control. A isto súmase a substitución de especies de árbores nativas e naturalmente resistentes ao lume por especies invasoras como o eucalipto, que crece incrivelmente rápido e é ideal para a produción de papel, pero tamén é extremadamente inflamable.

Impacto

O ruxir das chammas é a miña segunda longametraxe documental creativa, así como o meu traballo máis ambicioso ata a data, tanto pola súa complexidade como pola súa escala. Espero que a película deixe unha pegada duradeira no público, como unha experiencia inquebrantable e inesquecible. En última instancia, debería convidar a reflexionar profundamente sobre como interactuamos co mundo natural e o impacto que temos sobre el, e a considerar como poderíamos unirmos para cambiar o rumbo do futuro para ben.